

## CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO



### SEGUNDA XORNADA DA “SEMANA DA PRODUCCIÓN E XESTIÓN” NO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO

*A SGAE, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADG) e David Gutiérrez, serán os protagonistas deste segundo día de actividades.*

Biografía artistas: [descargar aquí](#)

Fotografías artistas: [descargar aquí](#)

Vídeo promocional 4º edición: [descargar aquí](#)

Programación: [descargar aquí](#)

Para máis información: [KIT DE PRENSA](#)

CONTACTO COMUNICACIÓN: [saramaria.a.c@csmvigo.com](mailto:saramaria.a.c@csmvigo.com) / 630 24 86 04

RRSS: [ver aquí](#)

Mañá martes 19 de marzo comeza con “O corazón da SGAE: O seu arquivo e a protección dos Dereitos de Autor”, unha intervención que terá lugar ás 10h na aula de Orquestra do Conservatorio Superior de Música de Vigo (CSM de Vigo), a cal estará a cargo de Miguel Diéguez, director territorial da zona noroeste, e Mariluz González, directora e responsable da catalogación de fondos documentais do Centro de Documentación y Archivo (CEDOA), ambos da SGAE (Sociedade Xeral de Autores e Editores).

A continuación, séguelle a actividade “Identificación de Oportunidades: creatividade e emprendemento”, con David Gutiérrez, produtor, xestor musical e fundador de Promusi, empresa de produción musical e servizos audiovisuais. O relatorio terá lugar ás 12:30h na aula de Orquestra do centro. Nela Gutiérrez ofrecerá unha visión das actividades que ofrecen as industrias musicais e culturais e como poden ser aproveitadas para poder crear novos proxectos.

Para finalizar as actividades do día, pola tarde levarase a cabo “Ferramentas escénicas para a produción musical”, un taller impartido por profesorado da ESADG: Bea Porrúa, Belén Bouzas e Daniel Salgado. Tratarán aspectos extra musicais necesarios tanto para a interpretación como para a comunicación da música. Esta actividade terá lugar ás 16:00h na ESAD e está dirixida ao alumnado do CSM de Vigo.

**A “SEMANA DA PRODUCCIÓN E XESTIÓN” 2024**

---

A Semana da Produción e Xestión é un evento organizado polo profesorado e alumnado do departamento de Produción e Xestión de Música e Artes Escénicas do CSM de Vigo que pretende abarcar unha visión completa do panorama musical actual mediante conferencias e talleres no campo das industrias musicais, e coa participación de expertos e expertas de gran prestixio do ámbito nacional e internacional.

Esta especialidade iniciouse no ano 2018, sendo unha titulación de grao pioneiro en España, que forma en xestión e produción das industrias musicais e culturais, por exemplo creación e produción de festivais, xestión de artistas, gravación discográfica, entre outros múltiples formatos culturais.

Este proxecto foi realizado polo departamento de Produción e Xestión integrado polos docentes Oswaldo Costal Ouro, María Domínguez, Andrea González e María Fernandez Trillo. Así como, polo alumnado da especialidade encargado da organización, coordinación e divulgación das actividades: Claudia dos Santos, María Orois, Leticia Ogando, Martín Parada, Xián Fernández, Xoán Lois, Román Meijomin, Daniel González, Eva Pico, Manuel Fernández, Xurxo Costas e Sara María Álvarez.

A terceira edición da “Semana da Produción e Xestión” consta de 4 días, do 18 ao 21 de marzo, cunha intensa programación nova e didáctica, que conta con trece actividades presenciais: **desenvolveranse en formato presencial nas instalacións do Conservatorio Superior de Vigo, con entrada libre para o público xeral**, excepto unha actividade destinada exclusivamente para o alumnado na ESAD de Galicia.

